

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 2620 (10/POC-000327)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 4 máis
Sobre a situación actual de execución do Plan de Infraestruturas Xudiciais e medidas para seguir mellorando no futuro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 3590 (10/POC-000585)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non aplicar a normativa comunitaria e permitir o exercicio do dereito de permuta para os traballadores interinos do persoal laboral dependente dela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017
- 1.3 3789 (10/POC-000641)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a información da Xunta de Galicia referida á falta de pagamento polo Goberno de Venezuela, desde o inicio do ano 2016, das pensións que deben percibir os emigrantes galegos retornados daquel país, as medidas que está a adoptar en relación coa situación en que se atopan as persoas afectadas e a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 409 (10/PNC-000014)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 12 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover

de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

- 2.2 1921 (10/PNC-000209)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para substituír no Código penal a pena de cadea permanente revisable por unha que se adapte á Constitución española de 1978 e que constitúa unha resposta sancionadora axeitada e proporcional á conduta castigada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016
- 2.3 3976 (10/PNC-000368)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre a solicitude que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a inclusión da globalidade das entidades extinguidas, dos aforros acadados e dos procesos de reordenación impulsados desde Galicia no seu informe de situación dos procesos de reordenación do sector público (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 53, do 26.01.2017
- 2.4 4105 (10/PNC-000383)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a obrigatoriedade de cubrir os postos de tesoureiro ou tesoureira, interventor ou interventora e ou secretario ou secretaria con funcionarios e funcionarias de habilitación nacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2620(10/POC-000327)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 4 máis

Sobre a situación actual de execución do Plan de
Infraestruturas Xudiciais e medidas para seguir mellorando no
futuro

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:18
Nº Rexistro: 2620
Data envío: 27/12/2016 11:18:30.507**

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2009, a Xunta de Galicia aprobou un ambicioso Plan de Infraestruturas Xudiciais, entendendo que fora un eido desatendido na lexislatura previa.

Conforme ao dito plan efectuáronse dúcias de obras menores ao longo de toda Galicia e desenvóléronse proxectos de gran alcance nas principais cidades: os xa inaugurados novos edificios xudiciais de Santiago e Ourense, as obras xa iniciadas na Coruña e en Pontevedra e o proxecto xa aprobado de nova Cidade da Xustiza de Vigo.

Estes proxectos supuxeron que en só 7 anos (2009-2016) foran investidos máis fondos en obras de nova planta e gran reforma de edificios xudiciais que nos 13 anos anteriores dende que a Comunidade Autónoma de Galicia asumira as súas competencias en materia de xustiza (1996-2009).

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a situación actual de execución do Plan de Infraestruturas Xudiciais e que medidas ten proxectadas a Xunta de Galicia de cara ao futuro para seguir mellorando as sedes xudiciais existentes e creando novas infraestruturas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/12/2016 11:08:48

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2016 11:10:06

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2016 11:10:09

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2016 11:10:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:18
Nº Rexistro: 2620
Data envío: 27/12/2016 11:18:30.507

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 11:10:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3590(10/POC-000585)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non aplicar a
normativa comunitaria e permitir o exercicio do dereito de
permuta para os traballadores interinos do persoal laboral
dependente dela

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Comisión**, relativa ao dereito de permuta para traballadoras e traballadores interinos.

Segundo a Comisión Europea, dende o 2012, son numerosas as denuncias recibidas neste organismo sobre as diferenzas de trato entre o persoal fixo e o persoal con contrato de duración determinada que traballa no sector público no conxunto do Estado Español, o que mostra un grave problema en canto ao cumprimento da cláusula 4 do Acordo marco anexo á Directiva 1999/70/CE e polo tanto unha responsabilidade ao non aplicar o Dereito da Unión Europea.

En Galicia, temos constancia de denuncias de traballadores e traballadoras interinas con traballo no sector público dependente da Xunta de Galicia, que están sendo discriminadas pola súa condición de traballadoras con contrato de duración determinada fronte aquelas outras fixas.

Un exemplo, son as solicitudes de traballadoras interinas da Consellería de Benestar Social, para poder permutar entre elas os postos de traballo que actualmente ocupan e adaptalos a unha mellor conciliación da súa vida laboral e persoal, dereito do que actualmente non poden disfrutar.

Estas solicitudes son denegadas de forma automática pola dirección Xeral da Función Pública en aplicación do establecido no artigo 17 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que non só está obviando o artigo 15.6 do ET, si non tamén, cometendo nunha grave irresponsabilidade ao



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 17:16
Nº Rexistro: 3590
Data envío: 17/01/2017 17:16:05.958



non aplicar o Dereito da Unión Europea, pois o principio de igualdade de trato e non discriminación é un dos principios xerais do Dereito da UE, polo que a Directiva debe ser considerada de alcance xeral.

A Comisión Europea ten manifestado en reiteradas ocasións que a mera natureza temporal do emprego non constitúe por sí soa unha razón obxectiva a efectos da non aplicación da disposición europea, xa que de ser así, deixaría os obxectivos da Directiva 1999/70/CE e o Acordo marco carentes de contido, perpetuando unha situación desfavorable.

Por todos estes feitos, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Por que a Xunta non aplica a normativa comunitaria permitindo o dereito de permuta para traballadoras e traballadores interinos do persoal laboral dependente da Xunta de Galicia?
- 2.ª) Por que a Xunta actúa de xeito discriminatorio entre traballadoras ou traballadores interinos dependentes da propia Xunta respecto de aqueles fixos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2017 13:34:57

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3789(10/POC-000641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a información da Xunta de Galicia referida á falta de pagamento polo Goberno de Venezuela, desde o inicio do ano 2016, das pensións que deben percibir os emigrantes galegos retornados daquel país, as medidas que está a adoptar en relación coa situación en que se atopan as persoas afectadas e a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 16:43
Nº Rexistro: 3789
Data envío: 19/01/2017 16:43:55.069



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Nunha recente reunión do Grupo Parlamentario Socialista con varias plataformas de emigrantes retornados informámonos dunha situación que require unha solución urxente, xa que a súa demora pode ocasionar serios problemas de subsistencia e emerxencia social no colectivo dos nosos emigrantes retornados de Venezuela.

Dende principio do ano 2016, o Goberno de Venezuela non está a facer fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social.

Ante esta situación crítica, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten a Xunta de Galicia sobre os non pagamentos de pensións por parte do Goberno de Venezuela aos emigrantes galegos retornados daquel país?

2ª) Ante esta situación, que medidas está a adoptar o Goberno galego para cubrir as necesidades máis urxentes dos emigrantes máis afectados?



 Grupo Parlamentario

3ª) Está o Goberno galego a dirixirse o Goberno central para que solucione con carácter urxente con Venezuela esta situación en observancia do convenio bilateral suscrito entre os dous países?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/01/2017 16:28:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/01/2017 16:29:00

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei en comisión**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 409(10/PNC-000014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 12 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para promover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envío: 21/10/2016 14:27:34.581



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas**, **Eva Solla Fernández**, **Antón Sánchez García**, **Carmen Santos Queiruga**, **Marcos Cal Ogando**, **Ánxeles Cuña Bóveda**, **Davide Rodríguez Estévez**, **Paula Quinteiro Araujo**, **Paula Vázquez Verao**, **Francisco Casal Vidal**, **Magdalena Barahona Martín**, **Juan José Merlo Lorenzo** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece unha serie de medidas que se deben adoptar para garantir o pleno coñecemento e posibilidade de uso da lingua galega no seo da nosa sociedade, e insta aos poderes públicos competentes a desenvolvelas.

No eido do **ensino**, o Decreto 79/2010 que regula o uso das linguas oficiais no ámbito educativo sepárase do contido do PXNL, e igualmente da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia, xa que non asegura a escolarización na lingua materna, limita o número de materias que se poden impartir en galego por baixo do 50% e mesmo establece a prohibición de ensinanza na lingua propia de Galicia de disciplinas como as matemáticas. Esta situación implica ademais o incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, como ten denunciado constantemente o Comité de Ministros do Consello de Europa na súa análise bianual de seguimento. As consecuencias desta prohibición son a perda constante de falantes de galego entre a xente máis nova, por unha causa crecente: o seu descoñecemento, por non



quedaren o suficientemente formados no sistema educativo e a ausencia de espazos habituais onde falalo con normalidade.

Ante esta situación, a resposta só pode ser unha: a derogación do Decreto 79/2010 e a aprobación dunha normativa que desenvolva o PXNLG, no marco da LNL e a CELRM, para o que instamos ao Parlamento para que o novo goberno galego cumpra neste eido cos fins estatutarios previstos no art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Igualmente, O PXNLG establece no eido da Xustiza, igual que a CELRM, a obriga das autoridades competentes de establecer os medios materiais para garantir a igualdade e a oficialidade lingüística do galego na administración de Xustiza, dotando ao seu funcionariado dunha aplicación informática que permita tramitar con normalidade en lingua galega. Arestora, a competencia e titularidade sobre a aplicación corresponde á Consellería de Presidencia.

En efecto, o Ministerio de Xustiza cedeu gratuitamente o programa MINERVA á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión o Ministerio xa advertiu á Xunta que dende ese momento eles serían os responsables da tradución, e que o Estado non podería facer esa xestión; item máis, consultada expresamente Intervención sobre este extremo, non autorizarían ese gasto, ao que tamén se oporía a Avogacía do Estado, dada a previa cesión gratuíta de dereitos sobre o programa. En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo .

Así o indicou de xeito oficial José Luis Hernández Carrión, Subdirector General de nuevas tecnologías de la Justicia do Ministerio de Xustiza, con ocasión



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envío: 21/10/2016 14:27:34.581



dunha mesa de traballo titulada "*Papel cero: la situación real del proceso de digitalización de los órganos judiciales*" (Madrid, 4 de febreiro de 2016 na Sede do ICA de Madrid, no Comité Permanente de *Xuíces para a democracia*).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta ao novo goberno de Galicia a impartir as instrucións oportunas para **prover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de Xustiza en Galicia.**

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 14:25:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 409
Data envío: 21/10/2016 14:27:34.581



Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 14:26:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 14:26:09

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 14:26:14

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 14:26:17

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 14:26:20

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 14:26:23

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 14:26:26

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 14:26:29

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 14:26:31

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 14:26:34

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 14:26:37

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 14:26:40

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 14:26:43

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1921(10/PNC-000209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para substituír no Código penal a pena de cadea permanente revisable por unha que se adapte á Constitución española de 1978 e que constitúa unha resposta sancionadora axeitada e proporcional á conduta castigada

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 11:12
Nº Rexistro: 1921
Data envío: 02/12/2016 11:12:44.584



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

En maio de 2015, o Código Penal tería cumpridos 20 anos, un texto que, lamentablemente, semella pouco a aquel que se aprobara no ano 1995. En tan só 20 anos modificouse nunhas 30 ocasións, 4 delas con reformas de grande envergadura e todas elas cun denominador común, a constante elevación, directa ou indirecta, das penas privativas de liberdade, o que reflexa a concepción que o Goberno do Estado ten da Xustiza penal, entendida como un instrumento estritamente retributivo e sancionador.

O anterior tivo o seu culmen na aprobación da pena de prisión que falsamente se denomina permanente e revisable, baseada exclusivamente na demanda social, o que non constitúe xustificación democrática.

Este grupo parlamentario entende que a cadea perpetua (iso é a prisión permanente revisable) non é aceptable dende un punto de vista ético e que se predique a súa constitucionalidade (o que é discutible, cando pouco) non a fai menos inhumana ou degradante; de feito, nin sequera se axusta aos requirimentos formais establecidos polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na sentenza de 9 de xullo de 2013. Entendemos que é difícil a conciliación desta pena coas previsións do Convenio Europeo dos Dereitos Humanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa ao Goberno do Estado a reforma do Código Penal vixente, modificando todos aqueles preceptos que se refiran ou prevexan como pena a prisión permanente revisable, substituíndo a mencionada pena por unha que se adecúe ao previsto na Constitución Española de 1978 e que constitúa unha resposta sancionadora adecuada e proporcional á conduta que se castiga.

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/12/2016 10:48:23

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/12/2016 10:48:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/12/2016 10:48:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/12/2016 10:48:38

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 3976(10/PNC-000368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a solicitude que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a inclusión da globalidade das entidades extinguidas, dos aforros acadados e dos procesos de reordenación impulsados desde Galicia no seu informe de situación dos procesos de reordenación do sector público (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 53, 26.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:09
Nº Rexistro: 3976
Data envío: 23/01/2017 18:09:06.146

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira, Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª, Institucional, administración xeral, xustiza e interior, polo trámite de Urgencia.**

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O 22 de marzo de 2010, o CPFF aprobou un acordo marco (Estado-CCAA) no que as CCAA se comprometían a aprobar nun prazo de 3 meses un plan de racionalización das estruturas dos seus respectivos sectores públicos.

Galicia xa comezara en 2009 este proceso, co inicio da avaliación dun primeiro grupo de 64 organismos públicos (realización de auditorías sobre o funcionamento destas entidades que darían paso ao primeiro plan de reestruturación). Tras esta avaliación, o 22 de abril de 2010, por tanto 60 días despois do acordo do CPFF, Galicia comezaba a execución do seu primeiro plan para reducir e optimizar a súa administración paralela, converténdose na primeira Administración pública en iniciar este proceso.

O 17 de xaneiro de 2012 nunha nova xuntanza do CPFF intensifícase este proceso co compromiso das CCAA de remitir datos e informar ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas dos seus plans de reordenación, e todo tipo de medidas destinadas á redución ou mellora do sector público instrumental. Ademais, as Autonomías comprometéronse a levar a cabo a completa execución das medidas de redución previstas ata ese momento.

En base a este compromiso, o Ministerio ven publicando periodicamente un informe no que se analiza de forma comparada a evolución dos procesos autonómicos de reordenación.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:09
Nº Rexistro: 3976
Data envío: 23/01/2017 18:09:06.146

Os informes ministeriais analizan a evolución dos procesos autonómicos tomando como referencia o Inventario de Entes Dependentes das CCAA e, a comparativa sobre a redución de organismos, faise tomando como punto de partida inicial a situación existente a 1 de xullo de 2010.

Este informe pois, analiza o nivel de cumprimento das CCAA en termos de redución de entidades e aforros acadados conforme aos compromisos de redución que as distintas CCAA adoptaron. Por tanto, o que se avalía é o esforzo realizado polas CCAA para suprimir ou reordenar o seu sector público autonómico.

O problema fundamental deste proceso deriva de que o Estado, tal e como se indicou, toma como referencia para analizar os procesos de reordenación e polo tanto o nivel de cumprimento das CCAA, o Inventario de Entes Dependentes das CCAA onde se delimita o sector público autonómico en base ao artigo 11 da Orde HAP/2105/2012, polo que se desenvolven as obrigas de subministro da información establecidas na LO 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Polo tanto, moitas das entidades incluídas neste Inventario difiren das que deben ter a consideración de integrantes do sector público autonómico segundo a LOFAXGA. Así e a modo de exemplo, inclúense entidades que non son dependentes da Administración Xeral de Galicia como as que son dependentes das universidades, consorcios con participación autonómico igual ou inferior ao 50% e sociedades mercantís participadas por varias administracións públicas pero sen que a administración autonómica teña mais do 50% do seu capital, entre outras.

Mesmo todas as actuacións levadas a cabo en entidades participadas polas CCAA que non forman parte do devandito inventario ou que, ao acreditarse que non cumpren as condicións do citado artigo 11 saíron del, non se computan a efectos da execución dos compromisos de redución de entes, e, como tal, os seus aforros non aparecen reflectidos neste Informe.

Deste xeito, e en síntese, os criterios utilizados para medir os esforzos de racionalización das CCAA está a provocar graves distorsións no cómputo das entidades extinguidas e aforros acadados en Galicia, polos seguintes motivos:

- Por non ter en conta determinadas entidades suprimidas pola Xunta de Galicia a través dos seus plans de reordenación. Por tanto son baixas reais de entidades do sector público autonómico galego segundo a LOFAXGA, que non se recoñecen.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:09
Nº Rexistro: 3976
Data envío: 23/01/2017 18:09:06.146

- Por non computar as primeiras baixas que levaron a cabo en Galicia antes do 1 de xullo de 2010.
- Por incluír e computar ás entidades instrumentais doutros sectores, como o universitario, e outros que non dependen da administración xeral de Galicia, dentro das entidades do sector público autonómico.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas que modifique os criterios de cómputo de entidades e aforros do sector público autonómico de Galicia no seu informe de situación dos procesos de reordenación, de xeito que inclúan a globalidade das entidades extinguidas, aforros acadados e procesos de reordenación impulsados dende a Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela 23 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2017 18:02:05

Paula Prado Del Río na data 23/01/2017 18:02:26

Maria Antón Vilasánchez na data 23/01/2017 18:02:39

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2017 18:02:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/01/2017 18:02:57

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2017 18:03:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:09
Nº Rexistro: 3976
Data envío: 23/01/2017 18:09:06.146

María Julia Rodriguez Barreira na data 23/01/2017 18:03:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/01/2017 18:03:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 4105(10/PNC-000383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a obrigatoriedade de cubrir os postos de tesoureiro ou
tesoureira, interventor ou interventora e ou secretario ou
secretaria con funcionarios e funcionarias de habilitación
nacional

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 10:26
Nº Rexistro: 4105
Data envío: 26/01/2017 10:26:06.976

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos galegos, nomeadamente os de menor poboación, teñen un grave problema de funcionamento ppola obrigatoriedade de cubrir os postos de tesoureiro/a, interventor/a e/ou secretario/a con funcionarios de “habilitación nacional”. A realidade é que os nomeamentos existentes non son suficientes para cubrir as necesidades que existen en Galiza.

Esta situación viuse agravada pola modificación legal aprobada através do decreto lei 10/2015, que no seu artigo 3 modifica a responsabilidade da tesouraría nas corporacións locais de menos de 5.001 habitantes, que é a realidade de 200 concellos galegos. Até a aprobación deste cambio normativo podían cubrir estes postos con traballadores/as doutras categorías, máis coa modificación legal citada imponse a habilitación nacional ou que contén con un funcionario ou funconaria propio do grupo A1 que voluntariamente se preste a desenvolver o labor.

Ademais, a obriga de dispor destes funcionarios de habilitación nacional supón un custo engadido para os concellos de menos de 5.001 habitantes, qe a teñen graves carencias de financiamento.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 10:26
Nº Rexistro: 4105
Data envío: 26/01/2017 10:26:06.976

En consecuencia co anterior, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno do Estado

1. A eliminación da obrigatoriedade da habilitación nacional para os tesoureiros/as dos concelloes de menos de 5.001 habitantes, en tanto non haxa convocatorias suficientes ou se modifique a lei de bases de rexime local.

2. A supresión da obrigatoriedade tamén no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes, no caso da reforma da lei de bases de réxime local.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 10:26
Nº Rexistro: 4105
Data envío: 26/01/2017 10:26:06.976

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 10:23:48

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 10:23:55

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 10:24:10

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 10:24:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 10:24:17

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 10:24:21